

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA DO COLEXIO PÚBLICO DE SIGRÁS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2017/2018

Na Casa Consistorial do Concello de Cambre, o 28 de decembro de 2017.

REUNIDOS:

Dunha parte, **Don Óscar A. García Patiño**, alcalde do Concello de Cambre, na representación legal que deste lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra **Dona Elena Josefa Villares Gallardo** con DNI 76572445V, presidenta da Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, con CIF G15055239 e con sede en Lugar Souto Sigrás s/n, 15660, Cambre.


Ante min, **Dona M^a Luisa de la Red Ampudia**, secretaria xeral do Concello de Cambre, cumprindo o acordo adoptado polo alcalde do Concello de Cambre con data 28 de decembro de 2017 e tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e artigo 1255 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

1.- A Constitución Española, no seu artigo 27 establece o dereito á educación de todos os españois e recoñece a liberdade de ensinanza. Ademais, dispón que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana. No seu artigo 43.3 establece que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio.

Entre os fins do sistema educativo español, segundo a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, encontrease o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos e a adquisición de hábitos intelectuais así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. A Lei orgánica 8/1985, 3 de xullo, reguladora do dereito á Educación no seu artigo 5.2 b), estipula que as asociacións de pais de alumnos, asumirán, entre outras, a finalidade de colaborar coas actividades educativas dos centros. No seu artigo 6.3, modificado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, recoñécese como dereito básico dos alumnos á formación integral dos mesmos que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

O Concello de Cambre ten atribuídas competencias na promoción do deporte e a cultura, conforme se estipula na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, e artigo 25 l) e m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción dada pola, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.



2.- O Concello de Cambre considera de gran importancia o desenvolvemento, con carácter continuado, dun programa de actividades extraescolares nos centros educativos para colaborar no proceso de formación integral dos escolares.

3.- A Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, con sede en Cambre, adicada a colaborar no ámbito educativo e en especial a completar no seu centro a formación cultural e deportiva a través da oferta de actividades extraescolares.

4.- O Concello de Cambre, dende hai anos, leva a cabo actividades extraescolares nos centros educativos de Cambre, de forma paralela ás ANPAs. Coa convivencia das dúas ofertas de actividades, duplicábanse actividades, aplicábanse prezos distintos para actividades similares e xurdían problemas na coordinación dos usos das instalacións municipais. Co fin de evitar estas incidencias, considerase conveniente presentar unha única oferta do *Programa de actividades extraescolares* por parte dunha soa entidade, as ANPAs dos diferentes CEIP, co respaldo económico do Concello de Cambre, para así favorecer a xestión e eficacia do mesmo. Por iso, o Concello de Cambre, a proposta da área de Educación, Xuventude e Deportes, asinou o 16 de outubro de 2008 o primeiro convenio de colaboración, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promovera a práctica das actividades extraescolares no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás organizadas pola ANPA do CEIP, en coordinación co Concello.

5.- Visto o bo resultado acadado nos pasados cursos escolares e a conveniencia de manter este sistema de xestión conxunta do programa de actividades extraescolares nos centros escolares de Cambre, este Concello, a proposta do departamento de Educación, quere continuar coa sinatura deste convenio de colaboración.

6.- Considerando que no orzamento municipal do 2017, consta consignada de forma nominativa unha subvención a favor da Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester-Sigrás na aplicación orzamentaria "2017 324 48905 Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester", destinada a financiar o Programa de actividades extraescolares que desenvolve a entidade e o seu transporte.


7.- Tendo en conta que a entidade declara neste acto encontrarse ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sobre a base do exposto, e en uso da súa capacidade, ambas partes acordan subscribir un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: COMPROMISOS DA ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS.

Organizará, en coordinación co Concello de Cambre, un PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES asumindo os custos que deste se deriven, e coas seguintes directrices:



- As actividades desenvolveranse durante un mínimo de sete meses de curso escolar e cunha frecuencia semanal por actividade de 1 hora.
- A oferta inicial de prazas nestas actividades deberá superar o 60% da poboación escolar do centro e deberá contar cun mínimo de seis actividades entre culturais e deportivas, sendo unha delas a de Natación na piscina da Barcala.
- Realizaranse un mínimo de seis actividades tendo que ser culturais e deportivas.
- O número mínimo de participantes para que unha actividade poida desenvolverse baixo este programa é de dez. Agás as que requiran un número menor debidamente xustificado ou se algunha actividade comeza co número mínimo de dez e continua cun número menor estando debidamente xustificado (ata 8).
- Para a xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control, a ANPA deberá contar con persoal específico que asegure a eficacia e calidade da xestión das actividades.

Para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario.

A contratación dos monitores deberá efectuarse seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co concello de Cambre. Os mesmos deberán contar coa titulación adecuada á actividade a desenvolver. Levará ao Consello Escolar do centro o plan de actividades extraescolares, no que se deberá aprobar a súa realización e a admisión, no seu caso, de alumnado doutros centros escolares e das escolas de educación infantil adscritas ao centro que lles corresponda.


2º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS organizará en coordinación co concello de Cambre o transporte das actividades extraescolares cun máximo de tres días á semana e dun día á semana para a actividade extraescolar de natación. Para isto, deberá haber como mínimo de 10 usuarios do transporte ao día (con paradas no municipio de Cambre). Se non se mantivera este número mínimo de usuarios do transporte poderase cancelar o dito servizo cando o concello o estime oportuno.

As entidades vixiarán o cumprimento por parte do transportista dos requisitos de seguridade establecidos no RD 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

3º) O prezo que se fixe para as actividades extraescolares non poderá ser superior a 13,00 euros por actividade ao mes (supoñendo unha actividade dunha hora semanal), tendo en conta os descontos establecidos para socios, salvo o de Natación que será o importe vixente aprobado no pleno municipal de Cambre ou o que fixe a instalación á que se acuda. Sobre dito prezo deberán aplicarse polo menos as seguintes reducións, sen prexuízo de que a ANPA estableza outras:

1.- Redución do 50% da cota para escolares pertencentes a familias numerosas.

2.- Redución do 100% da cota dunha actividade como máximo por alumno, para aqueles casos de escolares nos que se acredite a falta de capacidade económica, mediante



informe emitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. Este informe será solicitado polo usuario nos Servizos Sociais e esta o remitirá ao departamento de Educación. Será este último quen comunicará á ANPA a procedencia ou non de dita redución.

4º) Garantirá a participación dos seus equipos nas actividades que se axusten ao Programa do Deporte Escolar (Xunta de Galicia) ou competicións federadas, asumindo todos os custes derivados da participación nas mesmas. A ANPA participará nos eventos e actos públicos que lle demande o concello de Cambre, tales como a Gala do Patinaxe, de Ximnasia Rítmica e outros actos culturais e deportivos.

5º) En tódolos documentos informativos que se editen, así como nos actos culturais, competicións, entrevistas, roldas de prensa nas que participen os escolares, técnicos e directivos da ANPA en relación ao programa de actividades extraescolares, deberá facerse mención a que as actividades están financiadas polo Concello de Cambre.

6º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS queda obrigada a realizar un seguro de responsabilidade civil para a cobertura das actividades que se realicen ao abeiro deste Convenio de ata 150.000 euros, manténdoo vixente durante toda a duración deste, así como o seguro de accidentes de todos os escolares inscritos nas súas actividades.


7º) A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS deberá someterse as actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do destino dos fondos percibidos, aportando tanta información sexa requirida.


8º) Presentará os documentos acreditativos da xustificación da realización do programa de actividades extraescolares e demais obrigas asumidas con este convenio e da aplicación dos fondos percibidos da seguinte forma:

8.1) No segundo trimestre do curso escolar 2017/2018 e antes do 1 de abril de 2018 presentará:

- programa das actividades que efectivamente se realizan (actividade, día e hora, e lugar de realización).
- listaxe e número de participantes por cada actividade e de usuarios do transporte e días de uso do transporte e importe de cada unha das actividades e reducións.
- documento que acredite que no Consello Escolar do centro se aprobou a realización do programa nese centro; que a ANPA conta con persoal para levar a cabo a xestión das súas actividades que a contratación dos monitores efectúase seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co concello de Cambre e teñen a titulación adecuada á actividade que van impartir e que para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario.

GONZALO TORRENTE BALLESTER
Nº REGISTRO PROVINCIAL: 1341
C.I.F.: G-15.055.739
O SOUTO, s/n - 15181 SIGRAS
Cambre (La Coruña)





- carteis, trípticos, dípticos ou outra documentación da promoción das actividades amosar onde se fai constancia a que as actividades están financiadas polo Concello de Cambre.

8.2) Unha vez rematado o Programa de Actividades Extraescolares 2017/2018 e antes do 6 de xullo de 2018, presentará:

- a. Memoria da ANPA, correspondente co curso escolar 2017/2018, das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención, que deberá incluír como mínimo unha descrición detallada de todos os aspectos relativos á organización das actividades, programación, horarios, tarifa por actividade, listaxe de alumnos, itinerarios do transporte, actos e competicións desenvolvidos.
- b. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, no curso 2017/2018.

Así mesmo, deberán xustificar o importe total dos ingresos obtidos dos usuarios das actividades.



- c. Relación clasificada de todos os gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión, segundo modelo que se facilitará dende o Concello de Cambre.


A entidade deberá contar cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

Para os efectos de acreditar ante este concello o destino dos fondos recibidos, os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía, que poderán realizarse en efectivo (sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago). Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo o calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos a través de xustificante bancario, o cal será obrigatorio, unha vez aboada a subvención, se así lle fora requirido.

- d. Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas do gasto realizado que respondan á natureza da actividade subvencionada cando menos, da totalidade da contribución percibida con cargo a este Convenio, dezanove mil setecentos cincuenta e oito euros con noventa e nove céntimos (19.758,99 euros). No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas para o mesmo obxecto. As facturas presentadas deberán incluír os datos fiscais completos

A.P.A. C.E.I.P. Sigüés
BONIZALO TORRENTE BALLESTER
Nº REGISTRO PROVINCIAL: 1241
C.I.E.: G-15.055.239
O SOUTO, s/n, 15181 SIGÜÉS
Cambre (La Coruña)





e correctos da ANPA. Deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos nin tampouco aquelas que non se correspondan con gastos efectuados no período de vixencia do convenio.

Unha vez rematado o Programa de Actividades Extraescolares 2017/2018 e antes do 1 de outubro de 2018, presentará

- e. Memoria anual da xestión económica da ANPA correspondente co curso escolar 2017/2018, aprobada pola entidade.

Finalizados os prazos sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Educación requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentarse fotocopias, antes de facer a copia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.


SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

1ª) Este Concello comprométese a aportar para o financiamento do Programa de actividades extraescolares correspondente ao curso 2016/2017 da ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS, a cantidade de dezanove mil setecentos cincuenta e oito euros con noventa e nove céntimos (19.758,99 euros) con cargo á aplicación orzamentaria denominada "2017 326 48905 Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester", polos importes e para os conceptos seguintes:

Unha cantidade máxima de 13.997,29 euros desglosados da seguinte forma:

- o Unha cantidade máxima de 6.219,18 euros a razón de 1.036,53 euros polo número máximo de actividades esixidas neste convenio (6) destinada a subvencionar os gastos propios da xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control do programa das actividades extraescolares (nos que se inclúen o de material para oficina e de actividades).

"GONZALO TORRENTE BALLESTER"
Nº REGISTRO PROPIEDAD: 1341
C.I.F.: G-15.055.239
OSOUTO s/n 15101 SERNAS
Cambre (La Coruña)



- o Unha cantidade fixa de 7.778,11 euros do gasto do servizo de transporte das actividades extraescolares.
- Unha cantidade máxima de 4.961,70 euros a razón de 826,95 euros polo mínimo de actividades realizadas esixido neste convenio (6 actividades).
- Unha cantidade de 800,00 euros por asistencia a actos e competicións como complemento destas actividades (deporte escolar, federado, actos culturais...) e celebración do fin de actividades extraescolares.

A achega farase efectiva da seguinte forma:

Unha primeira achega de 13.997,29 euros e correspondente a gastos propios da xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control do programa das actividades extraescolares (nos que se inclúen o de material para oficina e de actividades) e do transporte, que se fará efectivo unha vez asinado o convenio de colaboración, logo da sinatura do presente convenio a proposta da Concellería de Educación.


De no ser posible o recoñecemento da obriga a prol da entidade no exercicio 2016, a achega municipal queda condicionada a existencia de crédito no orzamento xeral do exercicio 2017.

Unha segunda achega de 4.961,70 euros, como máximo, correspondente á realización do número mínimo de actividades esixido neste convenio e da parte restante do transporte das actividades extraescolares ata completar o total deste gasto, logo da presentación da documentación sinalada no Cláusula primeira apartado 8.1).

Unha terceira achega 800,00 euros, por asistencia a actos e competicións como complemento destas actividades (deporte escolar, federado, actos culturais...) e gastos derivados da celebración do fin de actividades extraescolares (material necesario, entrega de premios aos participantes, comida para a celebración...) unha vez rematado o programa e logo da presentación da documentación sinalada no Cláusula primeira apartado 8.2).

A segunda e terceira achega quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2018 e á realización efectiva de todas as actividades previstas, de forma que se durante o período de vixencia do convenio, se se reducise de forma significativa a actividade, revisaríaase a contía da contribución por actividade, iniciándose no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal, e iniciaríaase, no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido. Como tamén se verían reducidos se a suma da achega municipal e os ingresos percibidos procedentes das cotas de actividades fosen superiores aos gastos validamente xustificadas.



O Concello facilitará á ANPA o uso dos equipamentos e infraestructuras deportivas municipais necesarias para o desenvolvemento das actividades/competicións incluídas neste convenio, logo da súa solicitude e por tempo determinado. Para estes efectos o concello colaborará economicamente coa cantidade da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais que excedan do máximo das sete horas semanais fixadas con cota cero na ordenanza fiscal núm. 14.

Coordinará a utilización das instalacións deportivas municipais e fixará os días e os horarios para a súa utilización.

TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS

Establecese a obriga por parte da ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER DE SIGRAS, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia que comprende o curso escolar 2017/2018, dende setembro de 2017 ata agosto de 2018, quedando as achegas condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste, no exercicio de 2018.

QUINTA: MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

De mutuo acordo poderanse introducir modificacións no convenio e denuncialo por calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses antes da finalización do curso escolar 2017/2018.

SEXTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS


Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

SÉTIMA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata a súa finalización.

OITAVA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, en




virtude do disposto no artigo 4.1d) do citado corpo legal, sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo art. 4.2 da lei.

Porén este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdicción contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

NOVENA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifican todo o exposto, asinándoo en triplicado exemplar e para un único efecto ante min, secretaría, que dou fe.



Asdo.: Oscar García Patiño

A presidenta da ANPA
A.P.A. C.E.I.P. Sigrós
"GONZALO TORRENTE BALLESTER"
Nº REGISTRO PROVINCIAL: 1241
C.I.F.: G-15.055.237

Asdo.: Elena Josefa Villares Gallardo



Ante min
A secretaría xeral
Asdo.: María Luísa de la Red Ampudia